



SOLICITAR CERTIFICADO DIXITAL DA ASOCIACIÓN

A FNMT (Fábrica Nacional da Moeda e Timbre) a través do Departamento CERES (CERTificación ESpañola), ofrece os certificados electrónicos recoñecidos polas Administracións Públicas. Para asociacións é preciso:

- 1) Solicitar “**certificado de representante de persona xurídica**”: Tramitación on line desde a páxina <http://www.fnmt.es>:
 - CERES
 - Certificado de Representante
 - Persona Xurídica
 - Solicitar certificado

Recibirán por correo electrónico un código de solicitude

- 2) Solicitar “**certificación de datos rexistrais da asociación**”: solicitude por escrito dirixida ao Rexistro de asociacións onde está inscrita a asociación, acompañada do impreso de pago de taxas administrativas por importe de 3,68 euros. Debe presentarse a través do rexistro electrónico da Xunta de Galicia ou nos demais lugares indicados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (presencial, correos , Portelo).
 - Tramitación on line dende a páxina <https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=PR308A> sempre que teña o certificado dixital o representante da asociación:
 - Pago taxa 3,68 euros. Os pagos poderanse realizar, previa presentación do documento de pago correspondente, en calquera das oficinas bancarias habilitadas pola Consellería de Facenda, ou ben a través da sede electrónica da Axencia Tributaria de Galicia <http://www.atriga.es//atriga/tributos-da-comunidade-autonoma/taxas-e-prezos/confeccion-on-line-impresos>.

O certificado debe estar expedido con data non superior a 15 días anteriores a data de solicitude do certificado de persoa xurídica.

- 3) O representante da asociación debe ir a delegación de Facenda de Cee (con cita previa:<https://www2.agenciatributaria.gob.es/wpl/TOCP-MUTE/Identificacion>
- 4)) Solicitar que lle activen o Certificado Dixital da Asociación. Deberá aportar os seguintes documentos:
 - NIF representante e documentación que acredite a súa representación (acta, certificado...)
 - Código de solicitude recibido da FNMT (paso 1)
 - Certificado de datos rexistrais da asociación (paso 2)



- 5) Instalar o Certificado Dixital da Asociación no mesmo ordenador onde solicitou o certificado a FNMT dende a páxina <http://www.fnmt.es>:
- CERES
 - Certificado de Representante
 - Persoa xurídica
 - Descargar Certificado
 - pago de taxa 14 euros, impostos non incluídos, período validez 2 anos (con tarxeta)